



concello de  
**CARBALLO**



**Consellos Parroquiais**

# **INFORME** sesións formativas

# 1. Introdución

No proceso de creación dos Consellos Parroquiais de Carballo deseñáronse dúas fases iniciais claramente diferenciadas:

## **1ª FASE: realización de dous encontros participativos abertos a toda a veciñanza.**

Neste proceso contouse, dende a súa fundamentación, co tecido asociativo existente no Concello. Así, foron convocada todas as entidades asociativas e de participación veciñal a unha serie de encontros nos que se presentou cun maior grao de detalle o proxecto e os obxectivos do mesmo, e exploráronse e analizáronse as principais necesidades e demandas detectadas polas asociacións. Nestes encontros, por medio de dinámicas participativas, procurouse xerar interese no proceso ao tempo que se avaliou o potencial das persoas participantes a nivel de compromiso e implicación na posta en marcha dunha ferramenta de participación destas características.

Esta toma de contacto coas entidades asociativas foi fundamental para detectar “potenciais líderes” para o proceso en cada unha das parroquias, identificando así os axentes que poderían ter interese en formar parte do Grupo Impulsor do proceso.

## **2ª FASE: realización de tres sesións formativas destinadas ao grupo impulsor.**

Unha vez detectadas as persoas interesadas en formar parte deste Grupo Impulsor, nesta segunda fase desenvolvéronse **3 sesións formativas organizadas o mércores 8, martes 14 e xoves 16 de xuño, ás 20:30h. no Fórum**

**Carballo.** Estas sesións formativas, específicas no eido da participación veciñal, estiveron dirixidas a eses perfís, pero abertas ao conxunto da veciñanza. De cara a facilitar a súa labor, nestas sesións, de forma práctica, traballouse na aprendizaxe de habilidades para a convocatoria, xestión e toma decisións nunha reunión.

O grupo impulsor está composto por todas aquelas persoas das distintas parroquias que voluntariamente quixeron formar parte do mesmo, asumindo un papel activo na creación do Consello de cada parroquia.

# 2. Datos de participación

Inscribíronse para formar parte do grupo impulsor un total de 41 persoas, pero tras a realización dos 3 encontros formativos, o número elevouse ata 47 persoas (25 homes e 22 mulleres). A distribución segundo sexo e parroquias é a que se presenta a continuación:

**Ardaña:** 6 persoas: 4 homes e 2 mulleres.  
**Artes:** 4 persoas: 2 homes e 2 mulleres.  
**Berdillo:** 7 persoas: 4 homes e 3 mulleres.  
**Bértoa:** 1 persoa: 1 home.  
**Cances:** 3 persoas: 2 homes e 1 muller.  
**Carballo:** 2 persoas: 1 home e 1 muller.  
**Entrecruces:** 2 persoas: 2 homes.  
**Lema:** 2 persoas: 2 mulleres.  
**Oza:** 3 persoas: 2 homes e 1 muller.  
**Razo:** 1 persoa: 1 home.  
**Rus:** 6 persoas. 4 homes e 2 mulleres.  
**Sísamo:** 3 persoas. 2 mulleres e 1 home.  
**Sofán:** 4 persoas: 2 homes e 2 mulleres.  
**Vilela:** 3 persoas: 1 home e 2 mulleres.

Non asistiu ningunha persoa das parroquias de Aldemunde, Goiáns, Noicela e Rebordelos.

## 3. Metodoloxía

As tres sesións formativas deseñáronse coa finalidade de capacitar ás persoas que se inscribiron para forman parte do grupo impulsor de cada parroquia e posta en marcha dos Consellos. Esta formación estivo principalmente orientada a adquirir de maneira práctica coñecementos e habilidades para xestionar as reunións, pois, enténdese que os Consellos Parroquiais serán fundamentalmente, espazos onde tratar deliberadamente problemáticas, demandas ou propostas para a parroquia.

Cada unha das sesións de formación dedicouse a unha fase específica da realización dunha reunión. Así, na primeira tratouse como debe facerse a convocatoria e como ha de ser unha orde do día; na segunda como debemos participar internamente nunha xuntanza, e na terceira como debe ser unha acta e distintos métodos para a toma de decisións. A continuación especificase, de xeito máis concreto, o contido de cada sesión e a metodoloxía empregada en cada caso.

### 1ª SESIÓN: A CONVOCATORIA.

**Mércores 8 de xuño de 2016 ás 20:30h**

Atendendo á participación acadada ata o momento e ás inscricións para formar parte do grupo impulsor, o equipo técnico deseñou para esta primeira sesión unha proposta de distribución territorial dos Consellos Parroquiais. Desta proposta de traballo, resultaron

un total de “12 hipotéticos Consellos”, aquelas parroquias nas que non houbo ningunha participación fusionáronse con outras que si contaban con participantes.

A proposta de Consellos, para esta xornada formativa, foi a seguinte:

- Aldemunde e Sofán.
- Ardaña.
- Artes.
- Baldaio: Lema, Noicela, Rebordelos e Vilela.
- Berdillo
- Bértola.
- Cances e Goiáns.
- Entrecruces.
- Oza.
- Razo.
- Rus.
- Sísamo.

Así, as persoas participantes nesta primeira sesión formativa foron distribuídas e agrupadas simulando que formaban parte do mesmo Consello Parroquial. No caso das parroquias de Oza e Razo, aínda considerando a creación dun Consello para cada unha delas, e debido a que nesta sesión tan só asistiu unha persoa en representación de cada unha delas, traballaron nunha mesa común. Caso semellante aconteceu coa persoa que asistiu de Carballo, parroquia na cal non se prevé a creación dun Consello Parroquial, compartiu mesa coa persoa que asistiu en representación de Bértola.

Unha persoa de cada grupo debía tomar nota do tratado e recollelo nunha acta deseñada polo equipo técnico.

Na primeira parte desta primeira sesión de formación tratouse como facer a convocatoria, cuestión importante para que a información poida chegar a todas as persoas interesadas en participar, e a orde do día dunha reunión, onde se fixen con claridade os asuntos de debate. Elaborar e repartir unha orde do día que resuma os temas a tratar na

xuntanza ten beneficios importantes, xa que unha xuntanza estruturada e cunha lista predeterminada de temas a debater é máis produtiva.

Como punto de partida, a cada grupo pedíuselle que traballase conxuntamente durante aproximadamente 10 minutos e tratase de responder á pregunta:

**“Por que custa participar nas nosas parroquias?”.**

Pasado este tempo, e tamén en aproximadamente 10 minutos, unha persoa de cada grupo tiña que facer unha exposición dirixida ao resto dos grupos, ao tempo que o equipo técnico anotaba nun panel o conxunto das respostas facilitadas nas exposicións. Con esta actividade foi posible comezar a detectar debilidades na participación nas parroquias de Carballo.

As respostas obtidas puxeron en evidencia a necesidade e importancia de:

- realizar unha boa convocatoria para tratar que a información chegue a todas as persoas interesadas;
- saber xestionar internamente unha reunión, evitando os conflitos e centrándose na consecución dos obxectivos da reunión;
- lograr unha participación equilibrada de todas as persoas e procurar tomar decisións en consenso.

Observadas as debilidades xurdidas, o tempo restante da sesión destinouse a formular ideas, recomendacións e suxestións que puidesen corrixir os erros detectados. Para isto, a seguinte dinámica de traballo centrouse ao redor de tres cuestións principais:

**A/ Como debemos facer a convocatoria?**

**B/ Como debemos relacionarnos a veciñanza e os Consellos?**

**C/ Como debemos relacionarnos os Consellos e o Concello?**

**D/ Deberían ter relación os Consellos entre si? E nese caso, como debe ser?**

Co mesmo formato de distribución anterior, cada grupo debía dar resposta a estas preguntas durante aproximadamente 30 minutos. Tras o traballo grupal, destináronse uns 20 minutos á posta en común, intervindo unha persoa de cada grupo.

Finalmente, e debido a que os tempos foron axustados, o equipo técnico non puido realizar unha reflexión conxunta do apuntado polos distintos grupos, polo que quedou pendente para o inicio da segunda sesión.

**2ª SESIÓN: A REUNIÓN.**

**Martes 14 de xuño ás 20:30h.**

A sesión tivo dúas partes claramente diferenciadas:

- **1ª. PARTE: De carácter expositiva.** Comezouse a sesión dando conta das respostas obtidas ás preguntas formuladas na sesión anterior, seguidas dunha breve explicación do equipo técnico acerca de como é recomendable facer a convocatoria e elaborar a orde do día dunha reunión.
- **2. PARTE: De carácter participativa.** Seguindo o formato de aprendizaxe práctica da primeira sesión formativa, continuouse con esa mesma liña de traballo, sendo a xestión dunha reunión o tema a tratar. Nesta ocasión, as persoas participantes foron distribuídas en catro grandes grupos, e propúxoselles que se incorporasen no grupo que desexaran. Deste xeito quedaron conformados catro grupos compostos cada un deles por 8, 8, 9 e 9 persoas.

Como punto de partida, recorreuse a visualizar novamente algunhas das debilidades apuntadas polas persoas

asistentes sobre cales poden ser os motivos que dificulten a participación nas parroquias, e que teñen relación coa xestión das propias reunións e con experiencias anteriores en grupos ou asociacións. Algunhas destas debilidades fan referencia:

- á falta de planificación das xuntanzas;
- non atender aos obxectivos marcados e desviarse dos temas a tratar;
- confrontacións persoais;
- falta de confianza;
- toma de acordos fráxiles ou actitudes acaparadoras que condicionan ao resto de participantes, entre outras.

Nesta ocasión, estando unha persoa do equipo técnico como observadora en cada unha das mesas, cumpría que cada grupo abordara nun tempo máximo de media hora, catro temas concretos. Pedíuselles que establecesen como debería xestionarse cada un deles de cara a lograr reunións operativas, útiles e satisfactorias. Estes temas foron:

- os tempos,
- os espazos,
- a moderación,
- e a documentación.

Ao igual que en anteriores xuntanzas, pedíuselles que unha persoa de cada grupo tomara nota nunha acta do tratado na reunión, pero nesta ocasión sen dispoñer dun modelo de acta predeterminado, quedando á decisión de cada grupo a súa forma e contido a recoller, para que posteriormente o equipo técnico puidese avalialas e aportar as correspondentes recomendacións de mellora.

Ao remate do tempo previsto, unha persoa de cada grupo debía facer unha exposición dos aspectos tratados en casa mesa así como do posicionamento

do grupo. O equipo técnico foi tomando nota de cada unha delas para expoñelas nun panel.

Posteriormente analizouse a participación interna nos grupos, e déuselle a oportunidade ás persoas participantes que interviñesen expresando en voz alta como se sentiran e que opinión lles merecía este aspecto. Igualmente, cada persoa do equipo técnico deu tamén o seu punto de vista dos PROS e CONTRAS da participación e xestión da reunión levada a cabo en cada un dos grupos.

Esta "autoavaliación" de grupo fíxose atendendo aos seguintes aspectos, dos cales a agregación das iniciais de cada un conforma a palabra "**CRÍTICA**":

- **Comunicación:** foi aberta e clara?
- **Resultados:** conseguiu o obxectivo?
- **Implicación:** participaron todas as persoas?
- **Tempo:** axustámonos ao tempo marcado?
- **Individual:** recoñecéronse todas as aportacións?
- **Cohesión:** participouse con unidade?
- **Ambiente:** houbo conflitos ou momentos tensos?

En termos xerais apreciouse que non en todos os grupos participaron todas as persoas opinando e aportando o seu punto de vista, e en ocasións as decisións eran tomadas sen ter en conta que houbera persoas que non mostraran o seu parecer. Polo xeral, todas as mesas trataron todos os puntos que correspondía e chegaron aos obxectivos previstos, sen que se produciran confrontacións por disparidade de opinións. En calquera caso, todos os grupos concordaron en considerar oportuna a existencia dunha persoa que ocupara o rol de moderadora e que se ocupara de coordinar a participación na reunión.

### 3ª SESIÓN: A TOMA DE DECISIONS.

## **Xoves 16 de xuño ás 20:30h.**

Ao igual que a segunda sesión, esta terceira iniciouse tamén cunha introdución ao contido formativo que sería abordado durante a xornada.

Tras a avaliación do equipo técnico dos comportamentos grupais observados na sesión anterior e da información recollidas nas actas, presentáronse unha serie de recomendacións de como debe ser unha acta e de como debe xestionarse internamente unha reunión. Un dos obxectivos deste último punto é chegar a acordos que satisfagan a todas as partes, polo que resulta importante coidar o ambiente durante o contexto da reunión, procurar a participación de todas as persoas e que expresen as súas opinións, así coma coordinar axeitadamente a toma de decisións. Este último aspecto foi o tema principal a tratar nesta terceira sesión.

Ao igual que nos encontros anteriores, a xornada formativa estruturouse en dúas partes:

- **1ª. PARTE: De carácter expositiva.** Como introdución á xornada, o equipo técnico realizou unha exposición inicial dalgúns modelos de toma de decisións, adaptables ao contexto dos Consellos Parroquiais, como son: a delegación da decisión a unha persoa ou grupo, decisión por maioría e decisión por consenso, entre outros, explicando as vantaxes e desvantaxes de cada un deles.
- **2. PARTE: De carácter participativa.** A diferenza das sesións anteriores, nesta ocasión as persoas participantes distribuíronse en cadeiras colocadas en semicírculo, sen mesas de traballo de por medio. Este formato foi escollido para asemellar esta sesión ao espazo dunha asemblea aberta a un número de xente maior

que o previsto para os Consellos Parroquiais. Ao igual que en todas as reunións, recolleuse unha acta da sesión, da cal se encargou unha das persoas participantes.

Revisados algúns dos modelos de toma de decisións, correspondía a súa posta en práctica. O obxectivo desta dinámica era o de lograr un consenso acerca de que aspectos do Capítulo II do Título IV do Regulamento de Participación Cidadá do Concello de Carballo –que fai referencia aos Consellos Parroquiais- consideraban que se podían modificar e de que maneira. Para isto, o equipo técnico fixo unha compilación de todas as suxestións aportadas pola participación veciñal nos 2 encontros iniciais e nas 2 anteriores sesións formativas respecto a como debería ser o funcionamento dos Consellos.

Elaborouse un panel no que se visualizaba cada un dos artigos do Regulamento coas correspondentes, se as había, modificacións propostas. A dinámica utilizada foi a seguinte:

1. Lectura do artigo tal e como aparece redactado no Regulamento actual.
2. Lectura da/s modificacións propostas pola veciñanza.
3. Rolda de aclaracións das modificacións propostas.
4. Toma de decisión sobre a/s modificación/s:
  - No caso de varias propostas, votación para ver cal era a máis apoiada. Rolda de aportacións das persoas participantes, e aprobación por consenso, se procedera, da que máis votos tivera.
  - No caso dunha soa proposta, aprobación por consenso se procedera.

Tras ser tratados todos os artigos e as modificacións suxeridas, a sesión rematou cunha proposta de consenso da veciñanza sobre a modificación do Regulamento actual do Capítulo no que se recollen os Consellos Parroquiais. Convén que esta proposta de modificación sexa trasladada ao grupo de goberno e grupos políticos do Concello de Carballo para a súa posterior avaliación e valoración.

As seguintes fases do proxecto están previstas para primeiros de outono, momento no cal se prevé iniciar as accións oportunas para a constitución formal dos Consellos Parroquiais.





concello de  
**CARBALLO**



Consellos Parroquiais